

Disposición derradeira quinta. *Disposicións de aplicación e desenvolvemento.*

O Goberno ditará as disposicións que sexan precisas para a aplicación e desenvolvemento desta lei.

Disposición derradeira sexta. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 18 de outubro de 2006.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,

JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

**18205** *LEI 32/2006, do 18 de outubro, reguladora da subcontratación no sector da construción. («BOE» 250, do 19-10-2006.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Tras dez anos de promulgación da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, e despois do seu desenvolvemento regulamentario, é un feito incontestable que, a pesar de todo, e dos inxentes esforzos realizados polos distintos actores implicados na prevención de riscos laborais (Estado, comunidades autónomas, axentes sociais, entidades especializadas, etcétera), existe un sector como o da construción que, constituíndo un dos eixes do crecemento económico do noso país, está sometido a uns riscos especiais e continúa rexistrando unha sinistralidade laboral moi notoria polas súas cifras e gravidade.

Son numerosos os estudos e as análises desenvolvidos para avaliar as causas de tales índices de sinistralidade neste sector, sen que resulte posible atribuír a orixe desta situación a unha causa única, dada a súa complexidade.

Un deses factores pode estar relacionado coa utilización dunha forma de organización produtiva, que ten unha importante tradición no sector, pero que adquiriu nas últimas décadas un especial desenvolvemento nel, tamén como reflexo da externalización produtiva que se dá noutros sectores, aínda que neste con especial intensidade. Esta forma de organización non é outra que a denominada «subcontratación».

Hai que ter en conta que a contratación e subcontratación de obras ou servizos é unha expresión da liberdade de empresa que reconece a Constitución española no seu artigo 38 e que, no marco dunha economía de mercado, calquera forma de organización empresarial é lícita, sempre que non contrarie o ordenamento xurídico. A subcontratación permite en moitos casos un maior grao de especialización, de cualificación dos traballadores e unha máis frecuente utilización dos medios técnicos que se empregan, o que inflúe positivamente no investimento na nova

tecnoloxía. Ademais, esta forma de organización facilita a participación das pequenas e medianas empresas na actividade da construción, o que contribúe á creación de emprego. Estes aspectos determinan unha maior eficiencia empresarial.

Non obstante, o exceso nas cadeas de subcontratación, especialmente neste sector, ademais de non achegar ningún dos elementos positivos desde o punto de vista da eficiencia empresarial que deriva da maior especialización e cualificación dos traballadores, ocasiona, en non poucos casos, a participación de empresas sen unha mínima estrutura organizativa que permita garantir que se encontran en condicións de facer fronte ás súas obrigas de protección da saúde e a seguranza dos traballadores, de tal forma que a súa participación no encadeamento sucesivo e inxustificado de subcontratacións opera en menoscabo das marxes empresariais e da calidade dos servizos proporcionados de forma progresiva ata o punto de que, nos últimos elos da cadea, tales marxes son practicamente inexistentes, favorecendo o traballo somerxido, xusto no elemento final que debe responder das condicións de seguranza e saúde dos traballadores que realizan as obras. Por iso os indicados excesos de subcontratación poden facilitar a aparición de prácticas incompatibles coa seguranza e coa saúde no traballo.

Recoñecendo esa realidade, esta lei aborda por primeira vez, e de forma estritamente sectorial, unha regulación do réxime xurídico da subcontratación que, recoñecendo a súa importancia para o sector da construción e da especialización para o incremento da produtividade, establece unha serie de garantías dirixidas a evitar que a falta de control nesta forma de organización produtiva ocasionase situacións obxectivas de risco para a seguranza e a saúde dos traballadores.

Estas cautelas dirixense nunha triple dirección. En primeiro lugar, exixindo o cumprimento de determinadas condicións para que as subcontratacións que se efectúen a partir do terceiro nivel de subcontratación respondan a causas obxectivas, co fin de previr prácticas que puidesen derivar en riscos para a seguranza e a saúde no traballo. En segundo lugar, exixindo unha serie de requisitos de calidade ou solvencia ás empresas que vaian actuar neste sector, e reforzando estas garantías en relación coa acreditación da formación en prevención de riscos laborais dos seus recursos humanos, coa acreditación da organización preventiva da propia empresa e coa calidade do emprego precisando unhas mínimas condicións de estabilidade no conxunto da empresa. E, en terceiro lugar, introducindo os adecuados mecanismos de transparencia nas obras de construción, mediante determinados sistemas documentais e de reforzamento dos mecanismos de participación dos traballadores das distintas empresas que interveñen na obra.

Finalmente, para asegurar a efectividade desta nova regulación nas obras de construción, a lei introduce as oportunas modificacións do vixente texto refundido da Lei de infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, establecendo a adecuada tipificación das infraccións administrativas que poden derivar da deficiente aplicación desta lei.

Todo iso se estrutura en dous capítulos, sobre o obxecto e ámbito de aplicación da lei e definicións, o primeiro, e as normas xerais sobre subcontratación no sector da construción, o segundo, con once artigos, tres disposicións adicionais, dúas disposicións transitorias, tres disposicións derradeiras e un anexo.

## CAPÍTULO I

**Obxecto e ámbito de aplicación da lei e definicións**Artigo 1. *Obxecto da lei.*

1. Esta lei regula a subcontratación no sector da construción e ten por obxecto mellorar as condicións de traballo do sector, en xeral, e as condicións de seguranza e saúde dos seus traballadores, en particular.

2. O previsto nesta lei enténdese sen prexuízo da aplicación ás subcontratacións que se realicen no sector da construción do disposto no artigo 42 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, e no resto da lexislación social.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

Esta lei será de aplicación aos contratos que se subscriban, en réxime de subcontratación, para a execución dos seguintes traballos realizados en obras de construción:

Escavación; movemento de terras; construción; montaxe e desmontaxe de elementos prefabricados; acondicionamentos ou instalacións; transformación; rehabilitación; reparación; desmantelamento; derrubamento; mantemento; conservación e traballos de pintura e limpeza; saneamento.

Artigo 3. *Definicións.*

Para efectos desta lei entenderase por:

a) Obra de construción ou obra: calquera obra, pública ou privada, en que se efectúen traballos de construción ou de enxeñaría civil.

b) Promotor: calquera persoa física ou xurídica por conta da cal se realice a obra.

c) Dirección facultativa: o técnico ou técnicos competentes designados polo promotor, encargados da dirección e do control da execución da obra.

d) Coordinador en materia de seguranza e de saúde durante a execución da obra: o técnico competente integrado na dirección facultativa, designado polo promotor para levar a cabo as tarefas establecidas para este coordinador na regulamentación de seguranza e saúde nas obras de construción.

e) Contratista ou empresario principal: a persoa física ou xurídica, que asume contractualmente ante o promotor, con medios humanos e materiais, propios ou alleos, o compromiso de executar a totalidade ou parte das obras con suxeición ao proxecto e ao contrato.

Cando o promotor realice directamente con medios humanos e materiais propios a totalidade ou determinadas partes da obra, terá tamén a consideración de contratista para os efectos desta lei; así mesmo, cando a contrata se faga cunha unión temporal de empresas, que non execute directamente a obra, cada unha das súas empresas membro terá a consideración de empresa contratista na parte de obra que execute.

f) Subcontratista: a persoa física ou xurídica que asume contractualmente ante o contratista ou outro subcontratista comitente o compromiso de realizar determinadas partes ou unidades de obra, con suxeición ao proxecto polo que se rexe a súa execución. As variantes desta figura poden ser as do primeiro subcontratista (subcontratista cuxo comitente é o contratista), segundo subcontratista (subcontratista cuxo comitente é o primeiro subcontratista), e así sucesivamente.

g) Traballador autónomo: a persoa física distinta do contratista e do subcontratista, que realiza de forma per-

soal e directa unha actividade profesional, sen suxeición a un contrato de traballo, e que asume contractualmente ante o promotor, o contratista ou o subcontratista o compromiso de realizar determinadas partes ou instalacións da obra. Cando o traballador autónomo empregue na obra traballadores por conta allea, terá a consideración de contratista ou subcontratista para os efectos desta lei.

h) Subcontratación: a práctica mercantil de organización produtiva en virtude da cal o contratista ou subcontratista lle encarga a outro subcontratista ou traballador autónomo parte do que a el se lle encomendou.

i) Nivel de subcontratación: cada un dos chanzos en que se estrutura o proceso de subcontratación que se desenvolve para a execución da totalidade ou parte da obra asumida contractualmente polo contratista co promotor.

## CAPÍTULO II

**Normas xerais sobre subcontratación no sector da construción**Artigo 4. *Requisitos exigibles aos contratistas e subcontratistas.*

1. Para que unha empresa poida intervir no proceso de subcontratación no sector da construción, como contratista ou subcontratista, deberá:

a) Posuír unha organización produtiva propia, contar cos medios materiais e persoais necesarios, e utilíalos para o desenvolvemento da actividade contratada.

b) Asumir os riscos, obrigas e responsabilidades propias do desenvolvemento da actividade empresarial.

c) Exercer directamente as facultades de organización e dirección sobre o traballo desenvolvido polos seus traballadores na obra e, no caso dos traballadores autónomos, executar o traballo con autonomía e responsabilidade propia e fóra do ámbito de organización e dirección da empresa que o contratase.

2. Ademais dos anteriores requisitos, as empresas que pretendan ser contratadas ou subcontratadas para traballos dunha obra de construción deberán tamén:

a) Acreditar que dispoñen de recursos humanos, no seu nivel directivo e produtivo, que contan coa formación necesaria en prevención de riscos laborais, así como dunha organización preventiva adecuada á Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.

b) Estar inscritas no Rexistro de Empresas Acreditadas a que se refire o artigo 6 desta lei.

3. As empresas contratistas ou subcontratistas acreditarán o cumprimento dos requisitos a que se refiren os puntos 1 e 2.a) deste artigo mediante unha declaración suscrita polo seu representante legal formulada ante o Rexistro de Empresas Acreditadas.

4. As empresas cuxa actividade consista en ser contratadas ou subcontratadas habitualmente para a realización de traballos en obras do sector da construción deberán contar, nos termos que se determine regulamentariamente, cun número de traballadores contratados con carácter indefinido que non será inferior ao 10 por cento durante os dezoito primeiros meses de vixencia desta lei, nin ao 20 por cento durante os meses do décimo noveno ao trixésimo sexto, nin ao 30 por cento a partir do mes trixésimo sétimo, incluído.

Artigo 5. *Réxime da subcontratación.*

1. A subcontratación, como forma de organización produtiva, non poderá ser limitada, salvo nas condicións e nos supostos previstos nesta lei.

2. Con carácter xeral, o réxime da subcontratación no sector da construción será o seguinte:

a) O promotor poderá contratar directamente con cantos contratistas considere oportuno, xa sexan persoas físicas ou xurídicas.

b) O contratista poderá contratar coas empresas subcontratistas ou con traballadores autónomos a execución dos traballos que contratase co promotor.

c) O primeiro e segundo subcontratistas poderán subcontratar a execución dos traballos que, respectivamente, teñan contratados, agás nos supostos previstos na alínea f) deste punto.

d) O terceiro subcontratista non poderá subcontratar os traballos que contratase con outro subcontratista ou traballador autónomo.

e) O traballador autónomo non poderá subcontratar os traballos a el encomendados nin a outras empresas subcontratistas nin a outros traballadores autónomos.

f) Así mesmo, tampouco poderán subcontratar os subcontratistas, cuxa organización produtiva posta en uso na obra consista fundamentalmente na achega de man de obra, entendéndose por tal a que para a realización da actividade contratada non utiliza máis equipamentos de traballo propios que as ferramentas manuais, incluídas as motorizadas portátiles, aínda que contén co apoio doutros equipamentos de traballo distintos dos sinalados, sempre que estes pertencen a outras empresas, contratistas ou subcontratistas, da obra.

3. Malia o disposto no punto anterior, cando en casos fortuítos debidamente xustificadas, por exixencias de especialización dos traballos, complicacións técnicas da produción ou circunstancias de forza maior polas cales poidan atravesar os axentes que interveñen na obra, for necesario, ao xuízo da dirección facultativa, a contratación dalgunha parte da obra con terceiros, excepcionalmente poderase estender a subcontratación establecida no punto anterior nun nivel adicional, sempre que a dirección facultativa faga constar a súa aprobación previa e a causa ou causas motivadoras dela no Libro de subcontratación a que se refire o artigo 7 desta lei.

Non se aplicará a ampliación excepcional da subcontratación prevista no parágrafo anterior nos supostos recollidos nas alíneas e) e f) do punto anterior, salvo que a circunstancia motivadora sexa a de forza maior.

4. O contratista deberá pór en coñecemento do coordinador de seguranza e saúde e dos representantes dos traballadores das diferentes empresas incluídas no ámbito de execución do seu contrato, que figuren relacionados no Libro de subcontratación, a subcontratación excepcional prevista no punto anterior.

Así mesmo, deberá pór en coñecemento da autoridade laboral competente a indicada subcontratación excepcional mediante a remisión, no prazo dos cinco días hábiles seguintes ao da súa aprobación, dun informe no cal se indiquen as circunstancias da súa necesidade e dunha copia da anotación efectuada no Libro de subcontratación.

#### Artigo 6. *Rexistro de Empresas Acreditadas.*

1. Para efectos do disposto no artigo anterior, creárase o Rexistro de Empresas Acreditadas, que dependerá da autoridade laboral competente, entendéndose por tal a correspondente ao territorio da comunidade autónoma onde radique o domicilio social da empresa contratista ou subcontratista.

2. A inscrición no Rexistro de Empresas Acreditadas terá validez para todo o territorio nacional, e os seus datos serán de acceso público coa excepción dos referentes á intimidade das persoas.

3. Regulamentariamente estableceranse o contido, a forma e os efectos da inscrición no dito rexistro, así como

os sistemas de coordinación dos distintos rexistros dependentes das autoridades laborais autonómicas.

#### Artigo 7. *Deber de vixilancia e responsabilidades derivadas do seu incumprimento.*

1. As empresas contratistas e subcontratistas que interveñan nas obras de construción incluídas no ámbito de aplicación desta lei deberán vixiar o cumprimento do disposto nela polas empresas subcontratistas e traballadores autónomos con que contraten; en particular, no que se refire ás obrigas de acreditación e rexistro reguladas no artigo 4.2 e ao réxime da subcontratación que se regula no artigo 5.

Para efectos do disposto no parágrafo anterior, as empresas subcontratistas deberán comunicar ou trasladar ao contratista, a través das súas respectivas empresas comitentes en caso de ser distintas daquel, toda información ou documentación que afecte o contido deste capítulo.

2. Sen prexuízo doutras responsabilidades establecidas na lexislación social, o incumprimento das obrigas de acreditación e rexistro exixidas no artigo 4.2, ou do réxime de subcontratación establecido no artigo 5, determinará a responsabilidade solidaria do subcontratista que contratase incorrendo nestes incumprimentos e do correspondente contratista respecto das obrigas laborais e de Seguridade Social derivadas da execución do contrato acordado que correspondan ao subcontratista responsable do incumprimento no ámbito de execución do seu contrato, calquera que fose a actividade das ditas empresas.

3. En todo caso será exixible a responsabilidade establecida no artigo 43 do Estatuto dos traballadores cando se dean os supostos previstos nel.

#### Artigo 8. *Documentación da subcontratación.*

1. En toda obra de construción, incluída no ámbito de aplicación desta lei, cada contratista deberá dispor dun libro de subcontratación.

Neste libro, que deberá permanecer en todo momento na obra, deberanse reflectir, por orde cronolóxica desde o comezo dos traballos, todas e cada unha das subcontratacións realizadas nunha determinada obra con empresas subcontratistas e traballadores autónomos, o seu nivel de subcontratación e empresa comitente, o obxecto do seu contrato, a identificación da persoa que exerce as facultades de organización e dirección de cada subcontratista e, se é o caso, dos representantes legais dos seus traballadores, as respectivas datas de entrega da parte do plan de seguranza e saúde que afecte cada empresa subcontratista e traballador autónomo, así como as instrucións elaboradas polo coordinador de seguranza e saúde para marcar a dinámica e o desenvolvemento do procedemento de coordinación establecido, e as anotacións efectuadas pola dirección facultativa sobre a súa aprobación de cada subcontratación excepcional das previstas no artigo 5.3 desta lei.

Ao libro de subcontratación terán acceso o promotor, a dirección facultativa, o coordinador de seguranza e saúde en fase de execución da obra, as empresas e os traballadores autónomos intervinientes na obra, os técnicos de prevención, os delegados de prevención, a autoridade laboral e os representantes dos traballadores das diferentes empresas que interveñan na execución da obra.

2. Así mesmo, cada empresa deberá dispor da documentación ou título que acredite a posesión da maquinaria que utiliza, e de canta documentación sexa exixida polas disposicións legais vixentes.

3. Regulamentariamente determinarase as condicións do libro de subcontratación a que se refire o número 1, en canto ao seu réxime de habilitación, pola autoridade laboral autonómica competente, así como o contido e obrigas e dereitos derivados del, ao mesmo tempo que se procederá a unha revisión das distintas obrigas documentais aplicables ás obras de construción con obxecto de lograr a súa unificación e simplificación.

#### Artigo 9. *Representantes dos traballadores.*

1. Os representantes dos traballadores das diferentes empresas que interveñan na execución da obra deberán ser informados das contratacións e subcontratacións que se fagan nela.

2. Por convenio colectivo sectorial de ámbito estatal poderanse establecer sistemas ou procedementos de representación dos traballadores a través de representantes sindicais ou de carácter bipartito entre organizacións empresariais e sindicais, co fin de promover o cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais nas obras de construción do correspondente territorio.

#### Artigo 10. *Acreditación da formación preventiva dos traballadores.*

1. As empresas velarán por que todos os traballadores que presten servizos nas obras teñan a formación necesaria e adecuada ao seu posto de traballo ou función en materia de prevención de riscos laborais, de forma que coñezan os riscos e as medidas para previlos.

2. Sen prexuízo da obriga legal do empresario de garantir a formación a que se refire o punto anterior, na negociación colectiva estatal do sector poderanse establecer programas formativos e contidos específicos de carácter sectorial e para os traballos de cada especialidade.

3. Dadas as características que concorren no sector da construción, regulamentariamente ou a través da negociación colectiva sectorial de ámbito estatal, regularase a forma de acreditar a formación específica recibida polo traballador, referida á prevención de riscos laborais no sector da construción.

O sistema de acreditación que se estableza, que poderá consistir na expedición dunha cartilla ou carné profesional para cada traballador, será único e terá validez no conxunto do sector, podéndose atribuír o seu deseño, execución e expedición a organismos paritarios creados no ámbito da negociación colectiva sectorial de ámbito estatal, en coordinación coa fundación adscrita á Comisión Nacional de Seguranza e Saúde no Traballo.

#### Artigo 11. *Infraccións e sancións.*

As infraccións ao disposto nesta lei serán sancionadas de acordo co disposto na Lei de infraccións e sancións na orde social, texto refundido aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto.

Disposición adicional primeira. *Modificacións do texto refundido da Lei de infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto.*

1. Introdúcese un novo punto no artigo 8 da Lei de infraccións e sancións na orde social, coa seguinte redacción:

«16. O incumprimento da normativa sobre limitación da proporción mínima de traballadores contratados con carácter indefinido contida na Lei

reguladora da subcontratación no sector da construción e no seu regulamento de aplicación.»

2. Introdúcense dous novos puntos no artigo 11 da Lei de infraccións e sancións na orde social coa seguinte redacción:

«6. Non dispor o contratista na obra de construción do Libro de subcontratación exigido polo artigo 8 da Lei reguladora da subcontratación no sector da construción.

7. Non dispor o contratista ou subcontratista da documentación ou título que acredite a posesión da maquinaria que utiliza, e de canta documentación sexa exixida polas disposicións legais vixentes.»

3. Introdúcense tres novos puntos no artigo 12 da Lei de infraccións e sancións na orde social cos números 27, 28 e 29 e a seguinte redacción:

«27. No ámbito da Lei reguladora da subcontratación no sector da construción, os seguintes incumprimentos do subcontratista:

a) O incumprimento do deber de acreditar, na forma establecida legal ou regulamentariamente, que dispón de recursos humanos, tanto no seu nivel directivo como produtivo, que contan coa formación necesaria en prevención de riscos laborais, e que dispón dunha organización preventiva adecuada, e a inscrición no rexistro correspondente, ou do deber de verificar esta acreditación e rexistro polos subcontratistas cos cales contrate, salvo que proceda a súa cualificación como infracción moi grave, de acordo co artigo seguinte.

b) Non comunicar os datos que lle permitan ao contratista levar en orde e ao día o libro de subcontratación exigido na Lei reguladora da subcontratación no sector da construción.

c) Proceder a subcontratar con outro ou outros subcontratistas ou traballadores autónomos superando os niveis de subcontratación permitidos legalmente, sen dispor da expresa aprobación da dirección facultativa, ou permitir que no ámbito de execución do seu subcontrato outros subcontratistas ou traballadores autónomos incorran no suposto anterior e sen que concorran neste caso as circunstancias previstas na letra c) do punto 15 do artigo seguinte, salvo que proceda a súa cualificación como infracción moi grave, de acordo co mesmo artigo seguinte.

28. Considéranse infraccións graves do contratista, de conformidade co previsto na Lei reguladora da subcontratación no sector da construción:

a) Non levar en orde e ao día o libro de subcontratación exigido, ou non facelo nos termos establecidos regulamentariamente.

b) Permitir que, no ámbito de execución do seu contrato, interveñan empresas subcontratistas ou traballadores autónomos superando os niveis de subcontratación permitidos legalmente, sen dispor da expresa aprobación da dirección facultativa, e sen que concorran as circunstancias previstas na letra c) do punto 15 do artigo seguinte, salvo que proceda a súa cualificación como infracción moi grave, de acordo co mesmo artigo seguinte.

c) O incumprimento do deber de acreditar, na forma establecida legal ou regulamentariamente, que dispón de recursos humanos, tanto no seu nivel directivo como produtivo, que contan coa formación necesaria en prevención de riscos laborais, e que dispón dunha organización preventiva adecuada, e a inscrición no rexistro correspondente, ou do deber

de verificar esta acreditación e rexistro polos subcontratistas con que contrate, e salvo que proceda a súa cualificación como infracción moi grave, de acordo co artigo seguinte.

d) A vulneración dos dereitos de información dos representantes dos traballadores sobre as contratacións e subcontratacións que se realicen na obra, e de acceso ao libro de subcontratación, nos termos establecidos na Lei reguladora da subcontratación no sector da construción.

29. No ámbito da Lei reguladora da subcontratación no sector da construción, é infracción grave do promotor da obra permitir, a través da actuación da dirección facultativa, a aprobación da ampliación excepcional da cadea de subcontratación cando manifestamente non concorran as causas motivadoras dela prevista na dita lei, salvo que proceda a súa cualificación como infracción moi grave, de acordo co artigo seguinte.»

4. Introdúcense tres novos puntos no artigo 13 da Lei de infraccións e sancións na orde social, coa seguinte redacción:

«15. No ámbito da Lei reguladora da subcontratación no sector da construción, os seguintes incumprimentos do subcontratista:

a) O incumprimento do deber de acreditar, na forma establecida legal ou regulamentariamente, que dispón de recursos humanos, tanto no seu nivel directivo como produtivo, que contan coa formación necesaria en prevención de riscos laborais, e que dispón dunha organización preventiva adecuada, e a inscrición no rexistro correspondente, ou do deber de verificar esta acreditación e rexistro polos subcontratistas cos cales contrate, cando se trate de traballos con riscos especiais conforme a súa regulación regulamentaria para as obras de construción.

b) Proceder a subcontratar con outro ou outros subcontratistas ou traballadores autónomos superando os niveis de subcontratación permitidos legalmente, sen que dispoña da expresa aprobación da dirección facultativa, ou permitir que no ámbito de execución do seu subcontrato outros subcontratistas ou traballadores autónomos incorran no suposto anterior e sen que concorran neste caso as circunstancias previstas na alínea c) deste punto, cando se trate de traballos con riscos especiais conforme a súa regulación regulamentaria para as obras de construción.

c) O falseamento nos datos comunicados ao contratista ou ao seu subcontratista comitente, que dea lugar ao exercicio de actividades de construción incumprindo o réxime da subcontratación ou os requisitos legalmente establecidos.

16. No ámbito da Lei reguladora da subcontratación no sector da construción, os seguintes incumprimentos do contratista:

a) Permitir que, no ámbito de execución do seu contrato, interveñan subcontratistas ou traballadores autónomos superando os niveis de subcontratación permitidos legalmente, sen que se dispoña da expresa aprobación da dirección facultativa, e sen que concorran as circunstancias previstas na alínea c) do punto anterior, cando se trate de traballos con riscos especiais conforme a súa regulación regulamentaria para as obras de construción.

b) O incumprimento do deber de acreditar, na forma establecida legal ou regulamentariamente, que dispón de recursos humanos, tanto no seu nivel directivo como produtivo, que contan coa formación

necesaria en prevención de riscos laborais, e que dispón dunha organización preventiva adecuada, e a inscrición no rexistro correspondente, ou do deber de verificar esta acreditación e rexistro polos subcontratistas cos cales contrate, cando se trate de traballos con riscos especiais conforme a súa regulación regulamentaria para as obras de construción.

17. No ámbito da Lei reguladora da subcontratación no sector da construción, é infracción moi grave do promotor da obra permitir, a través da actuación da dirección facultativa, a aprobación da ampliación excepcional da cadea de subcontratación cando manifestamente non concorran as causas motivadoras dela previstas na dita lei, cando se trate de traballos con riscos especiais conforme a súa regulación regulamentaria para as obras de construción.»

Disposición adicional segunda. *Réxime de subcontratación nas obras públicas.*

O establecido nesta lei aplicarase plenamente ás obras de construción incluídas no ámbito de aplicación da Lei de contratos das administracións públicas, texto refundido, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, coas especialidades que deriven da dita lei.

Disposición adicional terceira. *Negociación colectiva e calidade no emprego.*

Co obxectivo de mellorar a calidade no emprego dos traballadores que concorren nas obras de construción, e con isto mellorar a súa saúde e seguranza laborais, a negociación colectiva de ámbito estatal do sector da construción poderá adaptar a modalidade contractual do contrato de obra ou servizo determinado prevista con carácter xeral mediante fórmulas que garantan maior estabilidade no emprego dos traballadores, en termos análogos aos actualmente regulados nese ámbito de negociación.

Disposición transitoria primeira. *Aplicación ás obras de construción en execución no momento da entrada en vigor da lei.*

O disposto nos artigos 4 e 5 desta lei, en canto aos requisitos dos contratistas e subcontratistas e ao réxime de subcontratación, respectivamente, non será de aplicación ás obras de construción cuxa execución se iniciase con anterioridade á súa entrada en vigor.

Disposición transitoria segunda. *Aplicación transitoria da documentación do réxime de subcontratación.*

Mentres non se determinen as condicións e o modo de habilitación do Libro de subcontratación regulado no artigo 8, o réxime de subcontratación previsto no artigo 5 documentarase cubrindo a ficha que se insire como anexo desta lei. A forma de utilización das fichas e o acceso a elas levarase a cabo nos mesmos supostos e condicións previstos para o Libro de subcontratación nesta lei.

Disposición derradeira primeira. *Carácter básico.*

Esta lei dítase ao abeiro do previsto no artigo 149.1.7.<sup>a</sup> e no artigo 149.1.18.<sup>a</sup> da Constitución española.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación regulamentaria.*

Autorízase o Goberno para ditar cantas disposicións sexan necesarias para a aplicación e o desenvolvemento desta lei.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor aos seis meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,  
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 18 de outubro de 2006

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

**ANEXO****FICHA DO LIBRO DE SUBCONTRATACIÓN**

Folla n.º \_\_\_\_\_

<b>A) DATOS IDENTIFICATIVOS DA OBRA</b>	
Promotor	NIF
Contratista	NIF
Dirección facultativa	NIF
Coordinación de seg. e saúde en fase de execución	NIF
Domicilio da obra	Localidade

<b>B) REGISTRO DE SUBCONTRATACIONES</b>										
Nº orde	Empresa subcontratista ou traballador autónomo/NIF	Nivel de subcontratación	Nº orde do comitente (1)	Data comezo traballos	Obxecto do contrato	Responsable de dirección/traballos/Representación dos traballadores	Data entrega plan de seg. e saúde	Referencia de instrucións do coordinador (2)	Sinatura do subcontratista ou traballador autónomo	Aprobación da dirección facultativa (3)

(1) Nesta columna anotarase o nº de orde correspondente ao asento da empresa que lle subcontratou os traballos á subcontratista deste asento, deixándose en branco en caso de que a comitente sexa a empresa contratista.

(2) Nesta columna farase constar, de ser o caso, a referencia das follas do libro de incidencias ao plan de seguranzas e saúde do contratista nas cales o coordinador de seguranzas e saúde, en fase de execución, efectuase anotacións sobre as instrucións sobre o desenvolvemento do procedemento de coordinación establecido.

(3) Cando proceda, farase constar nesta columna a aprobación por parte da dirección facultativa da subcontratación a que se refire o asento, mediante o seu asinamento neste recadro e a indicación da súa data.

SINATURA E SELO DA EMPRESA CONTRATISTA